

Proxecto Lingüístico

I.E.S. A XUNQUEIRA I

Curso 2018/2019

Versión 17.3

Aprobado en CE el 10/10/2018

Índice

INTRODUCCIÓN.....	3
SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA NO CENTRO.....	7
ACTIVIDADES E USOS LINGÜÍSTICOS ACTUAIS DO CENTRO	8
A. A normalización do galego	8
B. Desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado no ámbito da lingua castelá.....	11
C. A aprendizaxe de linguas estranxeiras.....	12
D. Actividades en linguas estranxeiras	13
CONCLUSIÓNS.....	14
ANEXO I	15

INTRODUCCIÓN

O Decreto 79/2010, do 20 de maio do 2010 (DOG, 25 de maio) para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia di no Capítulo II con respecto ao uso do galego no ensino:

Artigo 3.- A Lingua na Administración Educativa

1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente..

2. As programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que utilizará o castelán...”

O Decreto 79/2010 recolle, no seu artigo 14.1, o seguinte: **“Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico, no cal se fará constar:**

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanzas de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.”

Un dos obxectivos establecidos pola Lei para o sistema educativo galego é garantir a todo o alumnado a capacidade para utilizar as dúas linguas oficiais de Galicia (galego e castelán) cando remate o ensino obrigatorio. A este imperativo legal uniuse nos últimos anos o obxectivo de traballar tamén a aprendizaxe dunha ou dúas linguas estranxeiras e acadar un nivel mínimo de competencia lingüística nas mesmas.

Os idiomas ocupan un lugar prioritario no programa educativo. A importancia que na actualidade se lle dá á competencia e ao coñecemento lingüístico radica non só nas capacidades de comunicación que nos permite, senón tamén na validez para que cada individuo asimile o aprendido e para desenvolver o pensamento.

A lingua, ademais de asignatura, é unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento, a recopilación e a organización do coñecemento, así como para comunicar, oralmente e por escrito, ese coñecemento en calquera ámbito.

Así atopámonos ante un dos pilares básicos do Proxecto Educativo dun centro educativo. É necesario tomar decisións fundamentais. Por unha banda, os idiomas que se pretenden ensinar, o modo en que se van ensinar e a metodoloxía que se vai empregar; trátase de unificar esforzos para que as estratexias traballadas nunha lingua sexan válidas para o resto. A consecución e mellora dos obxectivos lingüísticos non son responsabilidade única do profesorado de linguas. **Cada cal desde a materia debe responsabilizarse do proceso de asimilación dun idioma por parte do alumnado.** En consecuencia, quen cumpre funcións educativas desde calquera área debería ser profesor e profesora de Lingua.

Ademais é necesario desenvolver actitudes positivas de uso. Pode afirmarse que o entorno castelán-falante que impera en moitos ámbitos da sociedade non favorece que o traballo do ensino en galego dea tódolos froitos apetecidos. Por iso, é imprescindible habilitar outras medidas que fortalezan o uso da nosa lingua. Trátase de que cada centro educativo analice cales son as medidas máis convenientes para incrementar a presenza e o uso do galego. Trátase, así mesmo, de adecuar ámbitos e espazos para garantir o uso das dúas linguas oficiais, tanto para o alumnado como para o profesorado, pais/nais, persoal non docente,...

Así mesmo, como expoñiamos máis arriba, o interese por potenciar a **aprendizaxe das linguas estranxeiras** debe ser un eixe irrenunciábel do noso Proxecto Educativo e como tal debe quedar reflectido no Proxecto Lingüístico do noso centro. Finalmente, a dirección do centro, coa colaboración do profesorado e do resto do persoal, está comprometida coa tarefa de que todo documento, administrativo ou doutra índole, **non conteña unha linguaxe que poida ser considerada sexista ou discriminatoria**, tal como figura na introdución do Decreto 79/2010. Por outra banda, o devandito decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (que, á vez, se basea e recolle a lexislación reguladora do mesmo: artigo 3 da Constitución, artigo 5 do Estatuto de Autonomía, Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, Decreto 247/1995 para a súa aplicación ao ensino en lingua galega, Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega do 2004), **recolle as materias que deben ser impartidas en galegonas diferentes etapas educativas.** E así:

Artigo 7º: Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirse a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, Xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en castelán as materias de matemáticas, Tecnoloxías e Física e química. 4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro curso escolares. A oferta de materias da ESO coas linguas nas que se imparte está recollida no anexo II.

Artigo 8º.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro anos escolares. A oferta de materias de bacharelato coas linguas nas que se imparten está recollida no anexo I.

Artigo 9º.- Formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

1. Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumno acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

2. En todos os módulos garantirase que o alumno coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.” Así mesmo o decreto 79/2010 regula no seu artigo 18 a exención da cualificación das probas de lingua galega: O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato, procedentes doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua Galega durante dous cursos académicos. A aquel alumnado que non teñan exención da lingua galega ou que non teñan o suficiente dominio das linguas (art. 14.1 b) organizaránselles unhas clases de apoio e reforzo de lingua galega por parte do Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos para que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten.

OBXECTIVOS

- ✓ Que utilicen indistintamente a lingua galega e a lingua castelá.
- ✓ Que incorporen o gusto polo coñecemento doutras linguas e unha disposición de respecto e tolerancia fronte a outras realidades culturais diferentes á propia.
- ✓ Que, ao rematar o bacharelato, se expresen correctamente en tres ou catro linguas: galego, castelán, inglés e francés.
- ✓ Que aprecien e valoren as linguas, disfrutando igualmente da utilización de todas e estean abertos á aprendizaxe doutras como o alemán, o italiano, o portugués...

Para iso procuraremos que:

- Inicien a aprendizaxe dunha lingua de maneira oral e posteriormente escrita.
- Entendan que o dominio dunha lingua se basea na repetición, no traballo constante e no estudo.
- O enriquecemento natural e progresivo da linguaxe desenvólvese nun ambiente cooperador, á vez que rigoroso e esixente.
- Os alumnos/as teñan a liberdade e as oportunidades de usar unhas ou outras linguas tanto dentro como fóra da aula.
- Nas asignaturas de lingua galega, castelá, inglesa e francesa, esixirase o uso obrigatorio da lingua correspondente, e naquelas asignaturas programadas para ser impartidas en galego, castelán, inglés ou francés, fíxase o uso da lingua cun criterio flexible nos casos que se requira.

SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA NO CENTRO

Unha enquisa elaborada recentemente polo EDLG é a referencia para ter unha visión máis ou menos precisa sobre a actual situación do galego no IES A Xunqueira I. As conclusións máis relevantes sinaladas polo estudo serían que:

A pesar da procedencia maioritariamente rural do alumnado, o número de rapazas e rapaces galego-falantes é realmente reducido. As porcentaxes de respostas aos catro ítems do estudo son as que seguen:

- Lingua na que aprenderon a falar: aprenderon a falar en galego o 18%
- Lingua falada habitualmente na casa: falan galego habitualmente un 30% (17% só en galego, 13% maioritariamente en galego)
- Lingua usada habitualmente: o galego é empregado na casa nun 22% (7% só en galego, 15% maioritariamente en galego).
- Lingua habitualmente usada na escola: o galego é usado na escola únicamente polo 16%.

No caso do castelán os resultados foron os seguintes:

- Aprenderon a falar en castelán o 41% dos alumnos/as.
- Empregan esta lingua na casa maioritariamente un 45% (19% só en castelán; o 26% máis castelán que galego).
- É a lingua que usan habitualmente o 59% dos alumnos/as (25% só castelán; 34% maioritariamente castelán).
- Na escola é onde se deciden máis claramente por unha das dúas linguas: o 62% declaran falar en castelán ou maioritariamente en castelán, fronte o 16% que fala só galego ou máis galego que castelán.

ACTIVIDADES E USOS LINGÜÍSTICOS ACTUAIS DO CENTRO

O fomento do plurilingüismo no IES A Xunqueira I, nestes últimos anos, está centrado en tres liñas fundamentais:

- A normalización do galego - A mellora na comprensión e expresión do castelán
- A aprendizaxe de linguas estranxeiras

A. A normalización do galego

Dadas as características do noso centro, con maioría do alumnado procedente do rural, e como centro periférico que é, parece lóxico que a atención e potenciación da nosa lingua sexa unha das cuestións prioritarias.

E así, desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Dpto. de Galego e a Dirección do centro, véñense levando a cabo unha serie de actividades e colaboracións, que tentan, por un lado, adoptar o galego como idioma vehicular naquelas materias reguladas polo Decreto 79/2010 e, por outro, lograr que a presenza do galego noutros ámbitos e contextos, tanto formais como informais, sexa unha realidade. A continuación recolleemos parte do articulado sobre os EDLG.

“Artigo 15º.- Equipos de dinamización da lingua galega.

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador/a, por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal no docente. 2. A composición do equipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego...”

Expoñemos de seguido unha serie de ACTIVIDADES que se veñen levando a cabo no noso centro a prol de acadar os obxectivos arriba propostos:

a. Actividades plurianuais

-Mantéñense e estanse a potenciar as actividades teatrais noso centro, que vén funcionando dende 1992, fomentando representacións tanto no noso centro como noutros da cidade e arredores.

-A través da revista **XUNCOS**, editada no Centro, téntase que tanto profesorado, como alumnado, etc, colaboren cos seus artigos en galego. Esta é unha das apostas máis sólidas tanto da Dirección, do Dpto. de Galego como do EDLG, nun labor interdisciplinar exemplar .

b. Colaboracións e actos conxuntos con outros centros

a. Participación nos diferentes **Certames de Ben Veñas Maio** convocados polos EDLG de Pontevedra, nas modalidades de banda deseñada, relato curto, poesía, música, teatro, fotografía,...

b. Asistencia a **representacións teatrais** con diferentes centros da cidade.

c. Participación no **Club de Debate**, organizado polo Concello de Pontevedra

d. Actuacións de **Contacontos** en diferentes momentos do curso.

c. Colaboración con outras Institucións, Asociacións e Entidades

O IES A Xunqueira I está presente na gran maioría dos actos de Pontevedra, promovidos tanto polo Concello como pola Consellería de Educación e outras organizacións educativas e culturais.

Exemplos desta participación son: - As obras de teatro promovidas polo Concello (no Teatro Principal e o Pazo da Cultura).

- A participación no Correlingua.

- A participación activa no Salón do Libro.

- Exposicións varias sobre a lingua ou persoas destacadas da cultura galega.

- Roteiros municipais: Castelao, Sarmiento e Pintos

d. Fomento de actividades multidisciplinares e colaboracións cos distintos

Departamentos do Centro.

a. Co Departamento de Galego, organízase ao longo do ano as conferencias “O autor e a súa obra”. A idea é que o alumnado teña información directa sobre o proceso de creación dunha novela, dun conto ou dun relato.

b. Co Departamento de Debuxo, organízanse concursos de Banda Deseñada e Carteis, onde se potencia tanto a creación artística e a ilustración coma a parte textual. c. Co Club de Lectura ESMORGA, alternando as lecturas de libros en galego e castelán.

d. Co equipo do Proxecto Lector do centro, organizando actividades para o fomento da lectura en galego.

Para iso púxose a disposición dos diferentes Departamentos material bibliográfico, fonográfico e videográfico en galego.

e. Organización de actos no Instituto que contribúen ao coñecemento, fomento e dignificación da nosa lingua e da nosa cultura en xeral.

Como exemplos do anterior, téñense celebrado diferentes actos:

- a. Concertos didácticos de música tradicional galega.
- b. Conferencias de especialistas dos diferentes ámbitos científicos, así como encontros con escritores e escritoras.
- c. Outros.

f. Campañas dentro do Instituto que cheguen a todo o profesorado e alumnado, co obxectivo de facer “visible” o galego e fomentar o seu uso durante todo o ano.

Exemplificacións disto último poden ser:

- a. Concursos de Carteis.
- b. Proxección de películas en lingua galega. c. Exposicións de murais en datas sinaladas.

g. Ampliación de fondos bibliográficos, fonográficos e videográficos e subscripción a revistas de interese e fomentando a elección de libros en galego para as lecturas obrigadas na programación dos diferentes cursos, así como do Club de Lectura.

h. Realización de excursións, co fin de visitar museos e lugares de interese.

i. Utilización das novas tecnoloxías, para a difusión da nosa lingua. A nosa Web e os Blogs están realizados maioritariamente en galego.

j. Outras actividades:

- a. Campañas escolares “Deporte e saúde”, “Educación vial”, “As redes sociais, ventaxas e desventaxas”, “Tratamento de diferentes adicións”.
- b. .Certame literario de relato breve no que participa o alumnado en diferentes momentos do ano.
- c. .-Tempo de reforzo. Desde hai tres anos o Departamento de Lingua Galega habilita un día á semana (os recreos dos mércores) para que os alumnos con Lingua Galega pendente doutros curso poidan ter un seguimento individualizado.

Esta posibilidade está aberta, por suposto, a todos os demais alumnos que queiran consultar algún tipo de dúbida.

B. Desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado no ámbito da lingua castelá

Partindo do feito de que a lingua empregada maioritariamente no centro é o castelán, o principal obxectivo desde o *Departamento de Lingua Castelá e Literatura*, e máis especificamente desde a materia de *Lingua Castelá e Literatura*, é o **desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nesta lingua**, entendida en tódalas súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Con este propósito, os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada un dos cursos da ESO e do Bacharelato estrutúranse en catro bloques fundamentais, con obxectivos aínda máis específicos, que son os seguintes: **“Comunicación oral (escoitar e falar)”** (búscase que o alumnado vaia adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de maneira correcta as ideas dos demais); **“Comunicación escrita (ler e escribir)”** (perséguese que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grado de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos); **“Coñecemento da lingua”** (cuxo contido serve de base para o uso correcto da lingua) e **“Educación literaria”** (busca facer dos escolares lectores cultos e competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo da súa vida).

Con este marco ideal de obxectivos para o acadamento da competencia comunicativa na lingua castelá a materia de *Lingua Castelá e Literatura* inclúe **actividades** tales como: no ámbito da comunicación oral, a comprensión de textos orais de distinta tipoloxía, a extracción das ideas principais e secundarias, a comprensión de inferencias, o resumo e exposición oral do escoitado, a elaboración de textos orais propios e adecuados a distintos contextos comunicativos, a participación en debates, as lecturas dramatizadas, as exposicións orais a partir dunha presentación dixital, etc.; no ámbito da comunicación escrita, a lectura de textos de distinta tipoloxía (literarios de distintos xéneros, periodísticos, publicitarios, académicos, narrativos, descritivos, argumentativos...), a lectura das lecturas recomendadas para cada trimestre, a busca da intención comunicativa de textos escritos, a análise das ideas principais e secundarias, a elaboración de resumos escritos, a creación de textos de diverso tipo (creación literaria en calquera xénero, participación en concursos literarios, elaboración de textos con finalidade práctica ou de tipo académico...).

A participación no Proxecto Lector do Centro e a colaboración directa coa Biblioteca é evidente dende o Departamento de Lingua Castelá: participación no Club de Lectura “A esmorga”, nos que se alternan as lecturas en galego e en castelán; participación en actividades de creación literaria; lecturas en voz alta na biblioteca; lecturas dramatizadas na biblioteca; participación en proxectos teatrais de diversa índole; asistencia a obras de teatro en castelá;

participación na revista do instituto “Xuncos”; actividades relacionadas con determinadas efemérides, tales como a Semana do Libro, a Semana da Poesía, o Día das Escritoras, etc., todas elas empregando a lingua castelá ou combinando o uso do galego e o castelá, en perfecta consonancia co noso entorno comunicativo.

Finalmente, no **ámbito sociolingüístico**, búscase a través de diversas actividades evitar estereotipos lingüísticos e culturais, e valorar positivamente a competencia en varias linguas. Por outra parte, reflexiónase tamén sobre a lingua, comparando sistemas e normas de uso fronte o resto de linguas que se coñezan, sobre todo fronte o galego.

C. A aprendizaxe de linguas estranxeiras

O fomento das linguas estranxeiras no noso Centro estase a realizar coa posta en marcha dos seguintes proxectos:

Seccións bilingües

Programas europeos Intercambios escolares

Viaxes ao estranxeiro

a. En canto ás **SECCIÓNS BILINGÜES** neste momento existen en Bioloxía en 3º e 4ºda ESO en inglés. No ánimo da Dirección está incrementar, potenciar e ampliar nos próximos cursos tanto o número de horas como o número de materias.

b. **PROGRAMAS EUROPEOS**. Adicados tamén á potenciación de idiomas estranxeiros.

O desenvolvemento do Programa require varias reunións nos diferentes países participantes, coa asistencia do profesorado e alumnado involucrados para coordinar e revisar os traballos que se están a realizar. Estes intercambios (reunións) contribúen a

- Coñecer o sistema de ensino dos diferentes países visitados. - Coñecer a forma de vida e cultura destes países.

- Mellorar na competencia lingüística do idioma do país co que se traballa. Actualmente participamos nun programa Erasmus + coordinado pola Deputación de Pontevedra no que alumnado do noso Ciclo de Laboratorio fai prácticas en países europeos e rematarán neste primeiro trimestre as prácticas en Italia.

c. Os **INTERCAMBIOS** de alumnado son outra das apostas pola mellora na competencia en linguase stranxeiras.

Xa iniciados en anos anteriores con centros de Francia, Inglaterra, Alemania EEUU e Italia.

Consiste en intercambios bilaterais de máis ou menos 15 alumnos/as). Teñen unha duración de 10 días; o aloxamento ten lugar en casas de familias e o noso alumnado asiste a algunhas clases co alumnado do Instituto que se visita, ademais de viaxar a lugares de interese próximos e coñecer a cidade onde está situado o centro de ensino.

d. As VIAXES AO ESTRANXEIRO

Neste momento os intercambios con institutos ingleses e americanos que houbo en épocas anteriores, non existen. Para mellorar o dominio do inglés organizouse nos últimos anos unha viaxe a Londres ao final do curso, durante unha semana. É a nosa intención continuar realizándoas. O ano pasado tivemos un intercambio cun Liceo italiano, proxecto cuio tema de traballo foi Frankenstein e a lingua de traballo o inglés.

D. Actividades en linguas estranxeiras

Levamos varios anos organizando unhas xornadas de cine en inglés para todos os niveis do alumnado. Temos un formato e unha organización de actividades establecida, pero este ano, imos dar un paso máis e formamos un grupo de traballo, integrado por profesores do departamento e do departamento de debuxo/arte, para formalizar a actividade e intercambiar ideas, abrírnos a novas actividades e tratar de mellorar a actividade coas ideas que poidan aportar os novos membros do departamento que non participaron en anos anteriores.

Esta actividade intégrase dentro do proxecto da biblioteca, a nivel de centro, que este ano está dedicado ás historias de viaxes.

Charlas, conferencias, exposicións, dramatizacións, visitas culturais e concursos de relato curto en inglés e francés con motivo do día da violencia de xénero, o 25 de novembro, ou do día internacional da muller , o 8 de marzo.

Lectura de textos na biblioteca do centro nas diferentes linguas do centro.

Tamén nos estamos prantexando solicitar a concesión do Bacharelato de Excelencia en Inglés, para darlle continuidade ós alumnos que chegan da sección bilingüe con un nivel bastante superior en xeral á media.

CONCLUSIÓNS

O plurilingüismo é ou vai ser unha realidade nos centros educativos. No centro contamos xa coa presenza de catro linguas. Non obstante, a xestión de ditas linguas realízase, xeralmente, desde unha perspectiva monolingüe: cada lingua prográmase dun xeito independente como se o desenvolvemento da competencia comunicativa nunha lingua non contribuíse ao fomento de estratexias e destrezas no resto das linguas.

Trataríase de ir cara a unha perspectiva plurilingüe e evitar que o proceso de ensino-aprendizaxe de cada unha das linguas do currículo se planifique de xeito illado. O ideal sería establecer bases de traballo común entre o profesorado, beneficiándose, ao igual cós alumnos e alumnas das aprendizaxes xa logradas a través doutras linguas. Consecuentemente, é necesario que o profesorado de lingua acade un consenso en relación co obxecto de aprendizaxe.

Outro aspecto a ter en conta sería deixar de xestionar as linguas do currículo como se a competencia plurilingüe fose a suma de varias competencias monolingües. Sabemos que non é así, xa que as novas aprendizaxes que se realizan a través dunha segunda ou terceira lingua inflúen na primeira, tanto no léxico como en aspectos fonolóxicos. Estas aprendizaxes, ademais, promoven o desenvolvemento da conciencia metalingüística e, ao mesmo tempo, inciden no desenvolvemento cognitivo.

Sería interesante, tamén, que o profesorado de linguas adoptase un consenso no relativo ao modo de fomentar aprendizaxes na súa área.

O Decreto 79/2010 recolle que **cada catro cursos escolares** o Proxecto Lingüístico será remitido á **Inspección educativa** para a súa supervisión, pero que **anualmente elaborárase unha addenda** con cambios que se produzan e as novidades que se deban incorporar ao devandito Proxecto Lingüístico.

ANEXO I

1º ESO				2º ESO				3º ESO				4º ESO			
Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G
								Tecnoloxías	2	2		Xeografía e historia	3		3
Valores Éticos	1		1	Tecnoloxías	3	3		Valores Éticos	1		1	Economía	3	3	
Reforzo/Apoio	2			Reforzo/Apoio	2			Cultura Clásica	2	2		Matemáticas B	4	4	
Bioloxía e Xeoloxía	4		4	Valores éticos	1		1	Ciencias sociais, xeografía e historia	3		3	Latín	3	3	
Ciencias sociais, xeografía e historia	3		3	Física e Química	3	3		Educación física	2		2	Tic	3		3
Educación física	2	2		Ciencias sociais, xeografía e historia	3		3	Educación plástica e visual	2		2	Valores éticos	1		1
Educación plástica e visual	2		2	Educación física	2		2	Lingua castelá e literatura	3	3		Tecnoloxías	3	3	
Lingua castelá e literatura	4	4		Lingua castelá e literatura	3	3		Lingua galega e literatura	3		3	Titorías	1		
Lingua galega e literatura	4		4	Lingua galega e literatura	3		3	Lingua estranxeira - Inglés	3			Bioloxía e xeoloxía	3		3
Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Francés	3			Educación física	2		2
Mellora competencia lingüística	1			Lingua estranxeira - Francés	3			Matemáticas	4	4		Educación plástica e visual	3		3
Matemáticas	5	5		Matemáticas	5	5		Música	2	2		Física e química	3	3	
Relixión católica	1	1		Música	2		2	Relixión católica	1	1		Lingua castelá e literatura	3	3	
2ª Lingua estranxeira - Francés	2			Canto Coral	1		1	2ª Lingua estranxeira - Francés	2			Lingua galega e literatura	3		3
				Ámbito Cient. Matem.	8	8		2ª Lingua estranxeira - Inglés	2			Lingua estranxeira - Inglés	3		
Titorías	1			Ámbito Ling. Social	9		9	Titorías	1			Lingua estranxeira - Francés	3		
				Relixión católica	1	1		Ámbito lingüístico social	9		9	Música	3		3
				2ª Lingua estranxeira - Francés	2			Ámbito científico técnico	8	8		Tecnoloxía	3	3	
				2ª Lingua estranxeira - Inglés	2			Bioloxía e xeoloxía	2		2	Relixión católica	1	1	
				Titorías	1			Física e química	2	2		2ª Lingua estranxeira - Francés	3		
												2ª Lingua estranxeira - Inglés	3		
												Inic. á Activ. Emprendedora	3	3	
												Filosofía	3		3
Totais	35	12	14		57	23	21		57	24	22		63	26	24

TOTAL ESO 212 85 81

TOTAL BACH 195 93 93

Total Centro 407 178 174

1º BACH				1º BACH CIENCIAS				1º BACH HUMANIDADES				1º BACH CCSS				1º BACH ARTE			
Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G	Materias:	Horas	C	G
FeQ	4	4		FeQ	4	4													
Educación física	2	2		Educación física	2	2		Educación física	2	2		Educación física	2	2		Educación física	2	2	
Tecnoloxía Industrial I	3		3	Tecnoloxía Industrial I	3		3												
Tics	2	2		Tics	2	2		Tics	2	2		Tics	2	2		Tics	2	2	
Matemáticas I	4	4		Matemáticas I	4	4													
Matemáticas Aplicadas I	4	4										Matemáticas Aplicadas I	4		4				
Fundamentos da Arte	4		4													Fundamentos da Arte	4		4
Cultura Audiovisual	4		4													Cultura Audiovisual	4		4
Volume	3		3													Volume	3		3
Deb. Artístico	3	3														Deb. Artístico	3	3	
Deb. Técnico	4		4	Deb. Técnico	4		4									Deb. Técnico	4		4
Economía	4	4										Economía	4	4					
Relixión católica	1	1		Relixión católica	1	1		Relixión católica	1	1		Relixión católica	1	1		Relixión católica	1	1	
2ª Lingua estranxeira - Francés	2			2ª Lingua estranxeira - Francés	2			2ª Lingua estranxeira - Francés	2			2ª Lingua estranxeira - Francés	2			2ª Lingua estranxeira - Francés	2		
Hª Mundo Contemporáneo	4		4					Hª Mundo Contemporáneo	4		4	Hª Mundo Contemporáneo	4		4	Hª Mundo Contemporáneo	4		4
Filosofía	3	3		Filosofía	3	3		Filosofía	3	3		Filosofía	3	3		Filosofía	3	3	
Bioloxía e Xeoloxía	4		4	Bioloxía e Xeoloxía	4		4												
Cultura Científica	2		2	Cultura Científica	2		2	Cultura Científica	2		2	Cultura Científica	2		2	Cultura Científica	2		2
Anatomía Aplicada	3	3		Anatomía Aplicada	3	3													
Latín	4		4					Latín	4		4								
Grego	4		4					Grego	4		4								
Lingua castelá e literatura	3	3		Lingua castelá e literatura	3	3		Lingua castelá e literatura	3	3		Lingua castelá e literatura	3	3		Lingua castelá e literatura	3	3	
Lingua galega e literatura	3		3	Lingua galega e literatura	3		3	Lingua galega e literatura	3		3	Lingua galega e literatura	3		3	Lingua galega e literatura	3		3
Reforzo galego	1		1	Reforzo galego	1		1	Reforzo galego	1		1	Reforzo galego	1		1	Reforzo galego	1		1
Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Inglés	3			Lingua estranxeira - Inglés	3		
Literatura Universal	4	4						Literatura Universal	4	4		Literatura Universal	4	4		Literatura Universal	4	4	
Análise Musical	3		3					Análise Musical	3		3	Análise Musical	3		3	Análise Musical	3		3
Linguaxe e Práctica Musical	3		3	Linguaxe e Práctica Musical	3		3	Linguaxe e Práctica Musical	3		3	Linguaxe e Práctica Musical	3		3	Linguaxe e Práctica Musical	3		3
				Troncais		8	3												
				Modal Saúde		4	8												
				Modal Tecnol		4	8												
				Optat. Saúde		6	5												
				Optat. Tecnol															
Totais	86	37	46	Totais	45	44	44	Totais	42	19	19	Totais	42	19	19	Totais	52	21	27

TOTAL BACH

195 93 93

2º BACH			
Materias:	Horas	C	G
Física	4		4
Química	4		4
Tecnoloxía Industrial II	3	3	
Electrotécnica	2		2
Tic II	3		3
Matemáticas II	4	4	
Matemáticas Aplicadas II	4	4	
Métodos Estatísticos	2	2	
Deb. Técnico II	4		4
T.E.G.P.	3		3
Deseño	4	4	
Deb. Artístico II	3	3	
Fundamentos Arte II	4	4	
Cultura Audiovisual II	4		4
Economía de Empresa	4	4	
Xestión e Administración	3		3
Hª Arte	4		4
Xeografía	4		4
Hª España	3		3
Patrimonio	2		2
Relixión	1	1	
Hª Filosofía	4		4
Psicoloxía	3	3	
Bioloxía	4	4	
Ciencias da Terra e Med.	3	3	
Hª da Música e Danza	3	3	
Análise Musical	3	3	
Grego	4	4	
Latín	4	4	
Lingua Extranxeira: Inglés	3		
2ª L. Ext.: Francés	3		
Lingua castelá e literatura	3	3	
Lingua galega e literatura	3		3
	109	56	47

